

NUM-CONSULTA: V0003-16

ÓRGANO: SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

DATA DE SAÍDA: 09/02/2016

NORMATIVA:

Artigo 8.Seis do *Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado* aprobado polo *Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo*.

DESCRICIÓN-FEITOS

Os pais do consultante son donos dun local comercial, no que se exerce unha actividade de hostalería (epígrafe 861.2 del IAE) a través dunha comunidade de bens, da que son socios comuneiros os pais do consultante nun 98% e o consultante mesmo nun 2%.

CUESTIÓN FORMULADA

No caso de que os seus pais entregaran ao consultante a súa participación no local comercial mediante apartación e este último continuara exercendo a mesma actividade, si tería dereito á aplicación da redución do 99% previsto no artigo 7.Catro do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo.

CONTESTACIÓN COMPLETA

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do *Decreto 10/2014, de 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda*, este centro directivo informa o seguinte:

Normativa:

1. Artigo 8.Seis do *Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado* aprobado polo *Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo* (en diante DLex. 1/2011):

No caso dos feitos impoñibles recollidos na alínea a) do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, nos cales non se produza o falecemento do transmítente, os requisitos para a aplicación da redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participacións en entidades e de explotacións agrarias serán os establecidos para as adquisicións inter vivos.

2. Artigo 8.Catro do DLex. 1/2011, de 28 de xullo:

Nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base impoñible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, coa condición de que concorran as seguintes condicións:

a) Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.

b) Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións no prazo dun ano desde o momento da transmisión.

Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.

c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data da devindicación do imposto.

d) Que na data da devindicación do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

d.1) Con carácter xeral, do 50 % como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

d.2) Do 5 % computado de forma individual, ou do 20 % conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 108 do Texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será de aplicación, na mesma proporción, esta redución.

e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.

f) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia. No suposto de que a persoa doadora non deixase de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das funcións de dirección no prazo do ano a que se refire a letra b) non se lle terá en conta para determinar o grupo de parentesco para os efectos do

cumprimento na persoa adquirente dos requisitos de exercicio de funcións directivas e remuneracións polo devandito exercicio.

g) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

3. Artigo 23.Un do DLex. 1/2011 (*Beneficios fiscais non aplicables de oficio*):

Un. Os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devindicación non se aplicarán de oficio, deberán solicitarse expresamente polo contribuínte no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No suposto de que na autoliquidación presentada non se aplicasen os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, agás que a solicitude de rectificación se presentase no período regulamentario de declaración.

A falta de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a falta da súa aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á súa aplicación.

Dous. En caso de incumprimento dos requisitos que haxa que cumprir con posterioridade ao devindicación do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non

estableza un prazo, o ingreso e a presentación da autoliquidación faranse dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.

4. Artigo 4.Oito da Lei 19/1991, de 6 xuño, sobre o imposto sobre o patrimonio:

Oito. Un. Os bens e dereitos das persoas físicas necesarios para o desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional, sempre que esta se exerza de forma habitual, persoal e directa polo suxeito pasivo e constitúa a súa principal fonte de renda. A efectos do cálculo da principal fonte de renda, non se computarán nin las remuneracións das funcións de dirección que se exerzan nas entidades as que se refiren o número dous deste apartado, nin calquera outras remuneracións que traian a súa causa da participación en ditas entidades.

Tamén estarán exentos os bens e dereitos comúns a ambos membros do matrimonio, cando se utilicen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional de calquera dos cónxuxes, sempre que se cumpran os requisitos do parágrafo anterior.

Dous. A plena propiedade, a núa propiedade e o dereito de usufruto vitalicio sobre as participacións en entidades, con ou sen cotización en mercados organizados, sempre que concorran as condicións seguintes:

a) Que a entidade, sexa ou non societaria, non teña por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario. Entenderase que unha entidade xestiona un patrimonio mobiliario ou inmobiliario e que, polo tanto, non realiza unha actividade económica cando concorran, durante máis de 90 días do exercicio social, calquera das condicións seguintes:

Que máis da metade do seu activo estea constituído por valores ou

Que máis da metade do seu activo non estea afecto a actividades económicas.

Aos efectos previstos nesta letra:

Para determinar se existe actividade económica ou se un elemento patrimonial se encontra afecto a ela, estarase ao disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Tanto o valor do activo como o dos elementos patrimoniais non afectos a actividades económicas será o que se deduza da contabilidade, sempre que esta reflecta fielmente a verdadeira situación patrimonial da sociedade.

Aos efectos de determinar a parte do activo que está constituída por valores ou elementos patrimoniais non afectos:

1º Non se computarán os valores seguintes:

Os posuídos para dar cumprimento as obrigas legais e regulamentarias.

Os que incorporen dereitos de crédito nados de relacións contractuais establecidas como consecuencia do desenvolvemento de actividades económicas.

Os posuídos por sociedades de valores como consecuencia do exercicio da la actividade constitutiva do seu obxecto.

Os que outorguen, ao menos, o cinco por cento dos dereitos de voto e se posúan coa finalidade de dirixir e xestionar a participación sempre que, a estes efectos, se dispoña da correspondente organización de medios materiais e persoais, e a entidade participada non estea comprendida nesta letra.

2º Non se computarán como valores nin como elementos non afectos a actividades económicas aqueles cuxo prezo de adquisición non supere o importe dos beneficios non distribuídos obtidos pola entidade, sempre que ditos beneficios proveñan da realización de actividades económicas, co límite do importe dos beneficios obtidos tanto no propio ano como nos últimos 10 anos anteriores. A estes efectos, asimílanse aos beneficios procedentes de actividades económicas os dividendos que procedan dos valores a que se refire o último inciso del parágrafo anterior, cando os ingresos obtidos pola entidade participada procedan, ao menos no 90 por 100, da realización de actividades económicas.

b) Que a participación do suxeito pasivo no capital da entidade sexa ao menos do 5 por 100 computado de forma individual, ou do 20 por 100 conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de segundo grado, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

c) Que o suxeito pasivo exerza efectivamente funcións de dirección na entidade, percibindo por iso unha remuneración que represente máis do 50 por 100 da totalidade dos rendementos empresariais, profesionais e do traballo persoal.

A efectos do cálculo anterior, non se computarán entre os rendementos empresariais, profesionais e do traballo persoal, os rendementos da actividade empresarial a que se refire o número un deste apartado.

Cando a participación na entidade sexa conxunta con algunha ou algunhas persoas ás que se refire a letra anterior, as funcións de dirección e as remuneracións derivadas da mesma deberán de cumprirse ao menos nunha das persoas do grupo de parentesco, sen prexuízo de que todas elas teñan dereito á exención.

A exención so alcanzará ao valor das participacións, determinado conforme ás regras que se establecen no artigo 16. Un desta lei, na parte que corresponda á proporción existente entre os activos necesarios para o exercicio da actividade empresarial ou profesional, minorados no importe das débedas derivadas da mesma, e o valor do patrimonio neto da entidade, aplicándose estas mesmas regras na valoración das participacións de entidades participadas para determinar o valor das da súa entidade tedora.

Tres. Regulamentariamente determinaranse:

a. Os requisitos que deban concorrer para que sexa aplicable a exención en canto aos bens, dereitos e débedas necesarios para o desenvolvemento dunha actividade empresarial o profesional.

b. As condicións que deben de reunir as participacións en entidades.

Resposta:

A apartación, prevista no Capítulo II do Título X da *Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, poderá gozar da redución do 99% do valor do transmitido, no caso que nos ocupa do valor do local comercial, sempre e cando se cumpran os requisitos previstos a tal efecto no artigo 7.Catro do *Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*, aprobado polo *Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo* (en diante TRTCG)

É preciso destacar que a dita redución constitúe un beneficio fiscal non aplicable de oficio, polo que o suxeito pasivo deberá solicitar expresamente a súa aplicación conforme ao establecido no artigo 23 do mencionado texto normativo, é dicir, no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, aplicándose os ditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

En canto ao cumprimento dos requisitos legalmente esixibles para a aplicación do beneficio sobre o que se solicita informe, debe sinalarse que, en virtude do disposto no apartado Seis do artigo 8 do TRTCG no caso dos pactos de mellora previstos no artigo 214 e seguintes da *Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, ao tratarse dunha transmisión lucrativa *mortis causa* na que non se produce o falecemento dos transmitentes, os requisitos que deben cumprirse respecto da transmisión de participacións en entidades son os previstos no artigo 8.Catro do TRTCG:

No caso dos feitos impoñibles recollidos na alínea a) do artigo 3.1 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, nos que non se produza o falecemento do transmitente, os requisitos para a aplicación da redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica, de participacións en entidades e de explotacións agrarias serán os establecidos para as adquisicións inter vivos.

Os ditos requisitos constitúense nunha de condicións que deben concorrer simultánea e cumulativamente, o que implica que para ter dereito á redución deberán cumprirse todos e cada un dos requisitos previstos no citado precepto. Dos datos aportados no escrito de consulta non se poden sacar conclusións sobre o cumprimento dos mesmos.

En canto aos requisitos establecidos nos apartados a), *que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez*, e b), *que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións no prazo dun ano desde o momento da transmisión*, estas circunstancias deben cumprirse respecto de cada un dos doadores.

Neste mesmo sentido pronúnciase a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas na contestación á consulta vinculante V1808-11 (de 13/07/2011):

A Resolución 2/1999, de 23 de marzo, relativa á aplicación das reducións na base imponible do Imposto sobre Sucesións e Doazóns en materia de vivenda habitual e empresa familiar, ditada por esta Dirección Xeral, prevé no seu epígrafe 2.1.b) que no caso de doazón de bens comúns da sociedade conxugal basta con que un deles teña a idade de 65 anos esixida para practicar a redución prevista no artigo 20.6 da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns e que, de tratarse de empresa individual, é suficiente con que un deles exerza a actividade empresarial de forma persoal e directa, aínda que ambos, no seu caso, terán que deixar o desempeño de funcións directivas e de percibir remuneracións por elo.

Sen embargo, estes criterios presupoñen ou, como expresamente se di na Resolución, teñen en conta a acumulación das dúas doazóns en tales casos nunha soa conforme ao artigo 38 do Regulamento do imposto.

Anulado o precepto regulamentario pola Sentenza do Tribunal Supremo de 18 de febreiro de 2009, resulta obvio que desaparece o fundamento normativo que xustificaba o criterio administrativo. Dado que deberán practicarse liquidacións separadas para cada cónxuxe, debe entenderse, de forma consecuenta, que os requisitos esixidos polo artigo 20.6 da Lei 29/1987 establécense para cada doazón, polo que, en concreto o referido á idade, ao que se refire de forma expresa o escrito de consulta, deberá ser cumprido por cada doador.

Deben cumprirse, ademais, los requisitos dos apartados c) e g):

c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data da devindicación do imposto.

g) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.

En canto ao requisito previsto na letra d), *que na data da devindicación do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio*, na norma autonómica existe unha remisión a unha norma estatal (artigo 4.8 da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio), cuxo contido unicamente se exceptiona no sinalado polo artigo 8.Catro antes reproducido, cuestión sobre a que non se plantexa consulta algunha.

Respecto ao requisito da letra e), na consulta formulada indícase que a transmisión a realizan os pais do consultante ao seu favor, é dicir, o seu descendente, polo que se cumpriría esta condición.

Respecto do requisito da letra f) debe cumprirse que *a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo (...)*

A presente contestación realízase conforme á información proporcionada polo consultante, sen ter en conta outras circunstancias non mencionadas, que puideran ter relevancia na determinación do propósito principal da operación proxectada, de tal modo que podería alterar o xuízo da mesma, o que poderá ser obxecto de comprobación administrativa á vista da totalidade das circunstancias previas, simultáneas e posteriores concorrentes na operación realizada.

O artigo 8.Un do TRTCG sinala que estas reducións son propias da Comunidade Autónoma e serán incompatibles, para unha mesma adquisición, coa aplicación das

restantes reducións previstas no citado artigo 8, as reducións reguladas na *Lei 29/1987, de 18 de decembro, o imposto sobre sucesións e doazóns* ou coas reguladas en leis especiais en relación con este imposto, sempre que fosen establecidas en consideración á natureza do ben obxecto de aquelas.

O que comunico a vostede con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria*.